

LINGUA

Lin estes días na prensa que representantes do partido de D. Francisco Vázquez se reuniran con representantes do partido de D. Mario Soares e acordaran, en liñas xerais, profundar no acordo lingüístico galego-portugués etc. Ou sexa, parece que o PSOE se pronuncia agora polo reintegrationismo para facer máis feliz a José Paz e outros ínclitos personaxes.

Estes días tamén escoitei algo a programación rexional da TVE, da que a responsabilidade política parece ser que pertence ó PSOE. Escoitei falar polo xeral (coa excepción do Fidel Fernán e case ninguén máis) unha especie de híbrido noxento que algúns chaman castrapo, e outros, distinguindo máis, chapurrado. Sentín incluso dicir lindezas como "non se o perdan", eso deixando á parte as pintorescas realizacións fonéticas que nos regalan os oídos.

Estimaríalle, señor Director, que lles preguntara ós señores do PSOE como ousan meterse en tan altas elucubracións cando tódolos días permiten que o galego sexa convertido nun risible dialecto castelanizado dun modo bárbaro nun meio que eles controlan.

¿Acaso é que cren que como as palabras as leva o vento, non paga a pena atender a expresión *oral* da nosa lingua?

Outro día secadra fálolle algo da subvención de libros por certa entidade pública, con cartos públicos, sempre coa condición de que estean *heterografiados*, e perdóneme a palabrexas. □

DARÍO XOHÂN CABANA
(Corcubión)